PRESENTA:

DESDE CORUÑA CON HUMOR

2017

Edita: Concellaría de Culturas e Educación. Concello da Coruña
Concelleiro: Xosé Manuel Sande
Dirección de proxecto: Manel Cráneo
Produción: Demo Cultural
Comisariado de exposición: Henrique Torreiro e Manel Cráneo
Deseño e maquetación: Demo Editorial
Revisión de textos: Henrique Torreiro

Participantes nas actividades paralelas
María José Mosquera, Xulia Pisón, María Álvarez Hortas, Manel Cráneo
Alberto Guitián, Siro López, Nieves Rodríguez, Santy Gutiérrez,
Leandro Barea e Manel Fontdevila.

Sedes da programación:
Casa da Cultura Salvador de Madariaga
Casa Museo Casares Quiroga
Centro Ágora
Biblioteca Municipal Fórum Metropolitano
Biblioteca Municipal Ágora
Biblioteca Municipal Infantil e Xuvenil

1.ª edición: novembro de 2017
Tiraxe: 500 exemplares
Depósito Legal: C 1881-2017

© Polos textos, Xosé Manuel Sande, Henrique Torreiro e Manel Cráneo, 2017

© Polas imaxes, os seus autores/as, 2017

© Pola presente edición, Concello da Coruña, 2017

Ningunha parte deste libro pode ser reproducida, almacenda ou transmitida por sistema mecánico ou electrónico ningún sen autorización previa do editor, salvo no caso de extractos para uso informativo en medios de comunicación.

DESDE RUISA CON AMOR

Que sucede cando as institucións falan con pompa da liberdade de creación? Un inmediatamente pensa no grao de humor que están dispostas a tolerar. E si, sucede, demasiadas veces establecen límites. E tenden a perseguir esa raza de inventivos axentes secretos chamados debuxantes ou humoristas gráficos. Non se nos oculta que hoxe é unha auténtica profesión de risco.

Visto o visto, estes heroicos axentes caracterizados polo enxeño e as formas gozosas confúndennos, pois os espías por natureza ou regra xeral son parte dos propios gobernos e carecen de humor. Pero estes aos que nos referimos son iconoclastas. Teñen humor e consérvano ben achispado. Son retranqueiros e non ceden nos seus dereitos. Andan agochados e lembran moito imaxinario que nos traen á cabeza, de Maxwell Smart e Austin Powers a Mortadelo e Filemón, Modesty Blaise, Matt Helm ou Anacleto. Nos seus apuntamentos indican que Leamas, Smiley, Emma Peel ou James Bond son británicos e teñen flegma. E que se convén sangue frío, tamén algo de emoción. E a ironía que detectan, ou é redentora ou pode pasar por fonte de padecementos.

Os axentes do humor gráfico viven unha época esencial. Puntúan as nosas mañás de xeito incisivo. Constrúen viñetas a modo de observación cotiá. Desacralizan todo o obsceno e absurdo da nosa existencia. Denuncian o sopor. Artellan novos e frutíferos mundos na tecnoloxía aberta. Descifran claves e mensaxes mornas. Son libres e fan amable o espertar. Para sorpresa de moitos e desgusto da nosa irreverencia sofren acoso. Están ameazados. Disque mundo adiante abundan os rictos amargos, os amigos do alleo e as seitas coercitivas. Malia isto, o seu humor traspasa sensibilidades. Posúe superpoderes. E nada hai máis contraditorio que o odio cara a el. Espello de frustracións, epítome de saudables fraquezas ou elemento de comprensión, se a liberdade de expresión nunca é vulgar, as súas tentativas de anulación parecen destinadas ao fracaso máis absoluto. Aparece expresado no decálogo fundacional de *Coruña Gráfica*: as elites necias e violentas caerán na súa pompa vítimas da síndrome chamada *Sic transit gloria mundi*. Continuará.

José Manuel Sande
Concelleiro de Culturas e Educación

O HUMOR GRÁFICO HOXE, DESDE A CORUÑA

O humor gráfico en Galicia ten sufrido uns cantos cambios nestes últimos anos, e naturalmente estes poden verse tamén no que atinxe á área de influencia da cidade da Coruña: á falta dunha cabeceira dedicada ao humor gráfico que consiga asentarse, e tendo en conta o lento mais progresivo devalo da prensa diaria en papel, o humor gráfico de autores e autoras alternativos a eses medios tradicionais vai facéndose sitio. Se hai poucos anos mencionar o humor gráfico supuña, en gran medida, falar dos xornais, hoxe a cuestión está bastante máis diluída. Grazas ás redes, dáse unha diversificación de fontes, o descubrimento para o humor de máis persoas a crearen obras humorísticas. O que non garante iso, polo menos de momento, é a subsistencia dunha cabeceira para audiencias do tamaño da galega.

O panorama que nos ofrece o humor gráfico hoxe na cidade da Coruña e a súa contorna mostra unha integración de tendencias, a través de veteranos do humor gráfico en cabeceiras de prensa tradicional, de autores e autoras a sustentar outras canles alternativas para o humor e doutros que apostan pola autopublicación e que pouco a pouco van acadando presenza en medios máis ou menos asentados. De todo iso dá conta esta exposición do proxecto Coruña Gráfica, nesta ocasión pondo o foco nos puntos de relación entre humor e ilustración por parte dos creadores en activo na Coruña. A gama que amosa percorre desde o retrato caricaturesco ata a banda deseñada de humor, pasando pola ilustración de artigos, que en non poucos casos actúa como contrapunto do propio artigo. Política internacional, española e galega; vida cotiá, incluíndo a vivencia da enfermidade e as experiencias amorosas, crítica social, historia, fútbol, humor negro, humor absurdo, o rural e os maiores como ligazón coas raíces do espírito humorístico galaico... Todo iso e todo o que se poida imaxinar ten cabida no humor gráfico, e son compoñentes naturais da súa vertente coruñesa contemporánea.

Henrique Torreiro

AXENTE 008

Chámome Cráneo, Manel Cráneo, e traballo ao servizo da liberdade de expresión desde Coruña con humor; sen «A» nin «La», Coruña a secas, xa que en acto de servizo non bebemos. Ben, esa é a versión oficial, realmente non usamos o *La, La, La* porque está rexistrado por Massiel e o *A* porque non somos o Equipo A, somos os axentes 008, 014, 020, 026, 032... e temos licenza para nos mofar. Efectivamente, son tan só son un de moitos axentes que cada día asumimos unha misión de alto risco. O noso obxectivo é sacar un sorriso ou unha simple reflexión. Para isto, en cada misión, observo desde o meu punto de mira ben calibrado con mirada crítica e analizo o contorno para executar coa maior eficacia a miña misión.

Os axentes coma min traballamos para solucionar os problemas circunstanciais do agresivo mundo que nos rodea, un mundo tan perigoso como ridículo e esperpéntico. Infiltrámonos entre as páxinas da prensa tradicional disparando frases e imaxes certeiras sobre papel impreso, ou viaxamos tamén ciberneticamente pola inmensidade do mundo virtual exercendo de francotiradores desde as redes sociais, blogs e webs. Nunha constante misión sen fronteiras, o noso ámbito de acción é internacional.

Os nosos obxectivos poden ser máis ou menos arriscados e os resultados poden moverse entre risas e bágoas segundo precise a ocasión. Non usamos coches de alta gama nin armas sofisticadas: para que? Contamos coa mellor arma secreta, un lapis cargado coa máis eficaz munición deste mundo: a nosa creatividade. Non hai arma de deseño que ofreza resultado máis limpo que o que nós deseñamos en cada viñeta, tira ou páxina. Nesta complexa profesión de alto nivel, algúns dos nosos axentes internacionais puxeron xa a súa vida en xogo pagando alto prezo por ela.

Intentamos levar a bo termo a nosa misión dentro dunhas normas de civismo e respecto, pero xa sabedes, algún traidor que usa o humor sen afinar haino en todas as partes, e axentes dobres tampouco faltan. Así de divertida, emocionante e comprometida é a aventura de ser un axente do humor gráfico.

Descoñezo se as viñetas que disparamos na presente aventura farán algo mellor as vidas dos coruñeses, pero polo menos faranas máis levadías. Disque o mañá nunca morre, e mentres manteñamos vivo o humor esforzándonos en cada misión estou seguro de que así será.

Manel Cráneo (Axente 008)

008
MANEL CRÁNEO

014
MIGUEL CUBA

020
GUITIÁN

026
SANTY GUTIÉRREZ

032
JANO

038
ANTÓN LEZCANO

044
PEPE MANSILLA

050
ROBERTO MARTÍNEZ SOLER

056
PINTO E CHINTO

062
XULIA PISÓN

068
EL PRIMO RAMÓN

074
RODOUYEHA

080
MARTÍN ROMERO

086
CAIROS SILVAR

092
SIRO

098
JOSIÑO SOUTO SANTÉ

104
ÁLVARO VALIÑO

110
YUPIYEYO

MANEL CRÁNEO

Manel Cráneo (A Coruña, 1973) ten unha produción multidisciplinar; como humorista gráfico colaborou en diferentes medios de xeito intermitente desde a década dos noventa. As súas viñetas están presentes en cabeceiras como *O Sopapo, El Cantón, Caña, GPS, O Botafumeiro* ou *Sapoconcho* (revista do Museo de Humor de Fene). Actualmente publica unha viñeta mensual no xornal de prensa libre *O Salto*.

Manel Cráneo | Viñeta do xornal *O Salto* n.º 1, 2017

Manel Cráneo | Viñeta do xornal *O Salto* n.º 2, 2017

Manel Cráneo | Viñeta do xornal *O Salto* n.º 3, 2017

Manel Cráneo | Viñeta do xornal *O Salto* n.º 4, 2017

MIGUEL CUBA

Miguel Cuba (Lugo, 1982) é doutor en Belas Artes pola Universidade de Vigo, artista visual, ilustrador e autor de BD. Ten realizado diversas mostras individuais, e as súas ilustracións poden encontrarse en numerosas publicacións. A súa novela gráfica *Punto de fuga* (Demo Editorial, 2011) ten xa un fondo contido humorístico, e as súas tiras e viñetas da serie *Henry Drawall*, publicadas en liña nos últimos anos, enmárcanse claramente no humor gráfico.



M.

Miguel Cuba | Tira publicada en *Henrydrawall.tumblr.com* e redes sociais, 2016

Miguel Cuba | Viñeta publicada en *Henrydrawall.tumblr.com* e redes sociais, 2016

Miguel Cuba | Viñeta publicada en *Henrydrawall.tumblr.com* e redes sociais, 2016



Miguel Cuba | Tira publicada en *Henrydrawall.tumblr.com* e redes sociais, 2016

GUITIÁN

Alberto Guitián (Lugo, 1974) ten colaborado en publicacións como *El Jueves, Retranca, O Botafumeiro, Fotogramas, ¡Caramba!, Público* ou *Tinta Libre*. É autor dos álbums *Fito & Pita* (tiras de humor gráfico para públicos adultos), *Petaco* (recollendo páxinas do personaxe que creou para a revista xuvenil *Mister K*) e *El Circo Lorza* (libro de ilustración humorística).

«A prensa xa non é o gran baluarte do humor gráfico galego. Moitos humoristas buscan outros espazos para chegar ao público ou para traballar con máis liberdade.»

Guitián | «Marilyn», do álbum *Fito & Pita* (Retranca Editora, 2009)



Guitián | «Atlantic Rim», publicado na revista dixital *O Botafumeiro* n.º 1, 2014



Guitián | «Capitolio». Ilustración inédita, 2015

Guitián | «Papamóbil». Ilustración para cartel do Entroido da Coruña, 2017

SANTY GUTIÉRREZ

Santy Gutiérrez (Vigo, 1971). Entre outros galardóns, gañou o primeiro premio J&B Joven y Brillante de Humor Gráfico en 2001. Desde 1993 vén publicando regularmente humor gráfico en múltiples cabeceiras, como *La Opinión de A Coruña, El Progreso ou Atlántico Diario*. Ten cultivado tamén a banda deseñada, como as súas páxinas de cómic de humor para a revista *Mister K*, editada a mediados da década dos 2000 por *El Jueves* para público infantil e xuvenil.

«O humor ten mellor saúde canto máis doente está a sociedade.»

Santy Gutiérrez | Viñeta publicada en *La Opinión de A Coruña* e *El Progreso*, 2017

Santy Gutiérrez | Viñeta publicada en *La Opinión de A Coruña* e *El Progreso*, 2017

Santy Gutiérrez | Viñeta publicada en *La Opinión de A Coruña* e *El Progreso*, 2017

Santy Gutiérrez | Viñeta publicada en *La Opinión de A Coruña* e *El Progreso*, 2017

JANO

Alejandro Viñuela Agra (A Coruña, 1979) licenciouse en Belas Artes en Pontevedra e estudou ilustración en Barcelona. Gañou varios premios de BD, como o Injuve en 2002 ou o Certame Ourense en 2003. Colaborador de revistas humorísticas como *Retranca, O Botafumeiro* (que dirixiu) ou *Mongolia*, entre as súas monografías hai varias de humor gráfico, como *Centoloman* (Rei Zentolo, 2009, con Rodrigo Cota), *Ratoon* (Bang, 2011), *3x1* (Polaqia, 2012, con Ricardo Mena) ou *Nacho Camacho* (Demo Editorial, 2014, con Rodrigo Cota).

«O humor axuda a relativizar os conflitos e os problemas; o seu uso estimula a intelixencia. Mentres hai risa, hai esperanza.»

DESDE A CORUÑA CON HUMOR · JANO VIÑUELA AGRA · 2017

"E estas son as medidas adoptadas despois do recorte do programa espacial."

Jano | «Marte». Ilustración para a revista *Mongolia,* 2017

Jano | «iPad». Ilustración para a revista *Mongolia*, 2016

Jano | «Frontera». Ilustración para a revista *Mongolia*, 2017

"Se o fas ben, contrátoche indefinido."

Jano | «Caimán». Ilustración para a revista *Mongolia*, 2016

ANTÓN LEZCANO

Foi viñetista entre 2010 e 2017 das previas dos partidos do Deportivo no xornal *DxT Campeón*. Antón Lezcano (Ferrol, 1970) obtivo varios premios de deseño de carteis, e o segundo premio Curuxa de Humor Gráfico do Museo do Humor de Fene en 2016. É ademais autor da icona da bandeira de Galicia coa vaca e da icona da raspa de sardiña para as festas de San Xoán da Coruña.

«O humor gráfico é a capacidade dunha persoa para sacarche un sorriso con só mover un lapis.»

Antón Lezcano | Segundo premio Curuxa de Humor Gráfico, 2016

Antón Lezcano | Viñeta no xornal *DxT Campeón*, 2016

Antón Lezcano | Viñeta no xornal *DxT Campeón*, 2012



Antón Lezcano | Viñeta no xornal *DxT Campeón*, 2014.

PEPE MANSILLA

Pepe Mansilla (Monterroso, Lugo, 1988) comezou autoeditando as súas viñetas e compartíndoas nas redes sociais e blogs, e fanzines como *Eres Tonto*, e de aí xurdiron colaboracións para a publicación *Enchufados*, dirixida por Euler Canal, ou para a súa sección «La viñeta turka» na web *Riazor.org*. Publica tamén viñetas para *runners* en *AFumeDeCarozo.gal*. Ademais disto, realizou a monografía *Degeneración democrática* (autoedición, 2015) e *Amor orgánico* (Foster Ediciones, 2016).

«A situación xeopolítica a nivel local, nacional e internacional está terriblemente crispada, e a xente necesita xutes de humor como se fose Prozac, para non acabaren tolos.»



Pepe Mansilla | «Filosofers», en *Eres Tonto*, en liña, 2015

Pepe Mansilla | Serie *Mr. Güonderful*, en liña, 2015



Pepe Mansilla | *Enchufismo*, en liña, 2010

Pepe Mansilla | «Centenariazo», *Riazor.org*, 2011

ROBERTO MARTÍNEZ SOLER

Roberto Martínez Soler (A Coruña, 1983) cursou os estudos de Ilustración na Escola de Artes Pablo Picasso, e forma parte do colectivo de ilustradores Miñoco. Entre os traballos de humor gráfico que ten realizando están viñetas publicitarias humorísticas para clientes como *Metrópolis Comics* (2014) e varios volumes da publicación *Cruel y Estúpido,* autoeditada desde 2013 ata a actualidade. Recibiu o segundo premio no VII Certame de Cómic de Cangas.

«As redes sociais propiciaron unha crecente cantidade de propostas, experimentos e novos mecanismos de expresión para o humor gráfico. Un proceso de cambio que probablemente aínda ten moitas sorpresas que dar.»

Roberto Martínez Soler | Ilustración publicada en *Cruel y Estúpido* n.º 5, 2017

Roberto Martínez Soler | Ilustración publicada en *Cruel y Estúpido* n.º 4, 2017

Roberto Martínez Soler | Ilustración publicada en *Cruel y Estúpido* n.º 1, 2013



Roberto Martínez Soler | «Actividade troncal». Ilustración publicada en liña, 2017

PINTO E CHINTO

A parella artística conformada polo guionista Carlos López (Boimorto, 1967) e o debuxante David Pintor (A Coruña, 1975) comezou en 1993 a traballar en humor gráfico en *La Voz de Galicia*, e ademais en xornais como *Diario 16*, *La Voz de Baleares* ou *Diario de León*. Obtiveron ao longo desta carreira galardóns como o Premio Mingote en 2012, o Premio Frei Martín Sarmiento en 2007 e 2017, o Curuxa do Humor do Museo do Humor de Fene en 2007, o Premio Hermes de Humor Gráfico en 2008 ou o Premio Xosé Neira Vilas, da Asociación Galega de Editores, en 2010.

«O humor vén ser un mecanismo de defensa ante as adversidades que contribúe a restaurar o equilibrio.»

Pinto e Chinto | Viñeta publicada en *La Voz de Galicia*, 2017

Pinto e Chinto | Viñeta publicada en *La Voz de Galicia*, 2017



Pinto e Chinto | Viñeta publicada en *La Voz de Galicia*, 2017

Pinto e Chinto | Viñeta publicada en *La Voz de Galicia*, 2017

XULIA PISÓN

Gañadora de varios premios de banda deseñada e autora do cartel das festas de María Pita de 2017, o seu fanzine de tiras humorísticas *McCactus* marcou un antes e un despois no traballo de Xulia Pisón (A Coruña, 1985), e agora ten varios proxectos relacionados co humor gráfico.



ALZHEIMER FRIKI

XULIA PISÓN

THE WALKING DEAD

PASEANDO A MISS DAISY

EL SEXTO SENTIDO

REGRESO AL FUTURO

Xulia Pisón | *Alzheimer friki*, publicado na web e redes sociais, 2014

Xulia Pisón | *Queixo*, publicado na web e redes sociais, 2015



Xulia Pisón | *Pony y Koala*, inédito, 2016

Xulia Pisón | *Spray nasal*, publicado na web e redes sociais, 2017

EL PRIMO RAMÓN

Borja Ramón López Cotelo (A Coruña, 1980) e María Olmo Béjar (A Coruña, 1980) comezaron a publicar como tándem os seus primeiros traballos de humor gráfico na revista online de arquitectura *Veredes.es* (2013-2015), e na revista *Bartlebooth*. Dende entón, desenvolven o seu traballo centrado principalmente no álbum ilustrado, tanto en España coma no estranxeiro. No ano 2017, o Museo do Humor de Fene concedeulles o premio Curuxa do Humor.

«O humor gráfico é a manifestación visual dun pensamento crítico, e a súa función é espertar esa mesma capacidade crítica no lector.»



El Primo Ramón | Viñeta da serie «La ciudad», publicada en *Veredes.es*, 2015

El Primo Ramón | Viñeta da serie «La ciudad», publicada en *Veredes.es*, 2015

El Primo Ramón | Viñeta da serie «La ciudad», publicada en *Veredes.es*, 2015

¡Cómo está el mundo, compañero!
Menos mal que la muerte nos
hace a todos iguales...

epR

El Primo Ramón | Viñeta da serie «La ciudad», publicada en *Veredes.es*, 2015

RODOUYEHA

A produción de humor gráfico de Carlos Rodil (A Coruña, 1981) está principalmente centrada en proxectos persoais, tanto de viñetas como de caricaturas, mais tamén emprega o humorismo en encargos profesionais de ilustración de todo tipo.

«A función do humor na sociedade é facer do drama algo soportable e asumible.»



Rodouyeha | «Iron Boarder». Proxecto persoal de deseño
de personaxes da serie *The Boarders*, 2015

Rodouyeha | *Tú antes molabas*. Proxecto para tenda online, 2015



Rodouyeha | *Pato buzo*. Traballo para tenda online, 2017

Rodouyeha | *Nacidos a todo color*. Proxecto para portada de páxina web, 2015

MARTÍN ROMERO

Formado en ilustración na Escola Massana de Barcelona, Martín Romero (Xión, Boiro, 1981) comezou a publicar as súas primeiras viñetas como humorista gráfico no seu propio fanzine *Cabezudo*. Despois comezou a colaborar con banda deseñada de diversos tipos noutras publicacións, tanto nacionais como internacionais, tales como *O Botafumeiro, Stripburger, Kuti Kuti* etc., e desenvolvendo o un proxecto de webcómic titulado *El manual de las piedras*.

«O humor serve para botar unhas risas, pero tamén para criticar ou sinalar.»

Martín Romero | Portada da revista *O Botafumeiro* n.º 4, 2015



Martín Romero | «Livin las Bellas», *O Botafumeiro*, 2014

PIEDRAS COMPETITIVAS



Martín Romero | *El manual de las piedras,* cómic online, 2013

PiEDRAS EXAGERADAS



Martín Romero | *El manual de las piedras*, cómic online, 2013

CALROS SILVAR

Calros Silvar (Ferrol, 1954) ten colaborado como humorista gráfico e caricaturista en publicacións como a revista madrileña *Crash* (1978-1980), o semanario *A Nosa Terra* (1977-2000) e as revistas de humor *Can sen Dono* e *Xo!* nos anos oitenta e noventa. No ano 1988 obtivo o 1.º Premio Curuxa do Humor, do Museo do Humor de Fene.





Calros Silvar | Viñeta para exposición da Asociación da Prensa

Calros Silvar | Viñeta para exposición da Asociación da Prensa

Calros Silvar | «Mísil norcoreano», publicada en redes sociais, 2017

Calros Silvar | «Sheriff Trump» », publicada en redes sociais, 2017

SIRO

Siro López (Ferrol, 1943) comezou a publicar debuxo de humor na revista *Chan* en 1970. Colaborou con debuxo de humor e caricaturas nos xornais *Ferrol Diario, El Ideal Gallego, La Región, El Norte de Galicia e La Voz de Galicia.* En 1985 entrou a formar parte deste xornal, no que traballou ata a xubilación en 2006. É autor de numerosos álbums de humor gráfico e caricatura, como *Os pecados capitales* (1977), *Coas raíces na Terra* (1980), *Debuxos de humor* (1985), *16 anos de Parlamento Galego* (1998) e *A Autonomía Galega nas caricaturas de Siro* (2009).

«A función do humor na sociedade é divertir, cabrear, emocionar... Depende da forma de humor que se practique. Un cómico divirte, un satírico irrita, un humorista como Castelao, que domina todos os xéneros, ás veces divirte, outras alporiza e outras conmove.»

2017

Siro | «O rei nomea a Suárez presidente», viñeta da serie «A Transición en imaxes», *La Voz de Galicia*, 2014

Siro | «Modificación da Lei de perigosidade», viñeta da serie «A Transición en imaxes», *La Voz de Galicia*, 2016



Siro | Ilustración para un mural exposto no Festival de Cans (O Porriño) en 2016

Siro | Ilustración para un mural exposto no Festival de Cans (O Porriño) en 2016

JOSIÑO SOUTO SANTÉ

Jose Souto Santé (A Coruña, 1979) estudou ilustración na Escola de Arte Pablo Picasso da Coruña. Entre os seus diversos traballos de ilustración, cultivou a faceta de humorista gráfico no periódico *El Entorno Metropolitano* entre 2015 e 2017.

«O humor gráfico é un exercicio de documentación e análise que se plasma, e remata, cunha imaxe que conxugue moito en pouco.»



Josiño Souto Santé | Homenaxe a Ibáñez e crítica ao PP. Ilustración inédita, 2017



Josiño Souto Santé | Homenaxe a Ibáñez e crítica ao PSOE. Ilustración inédita, 2017

TODOS FOMOS CHARLIE HEBDO...
OU ISO NOS DIXERON
... CHORAMOS A AYLAN...
E XURARON PARAR AS MORTES NO MAR
...MIRAMOS HORROR RUBADOS AO BATACLAN ...
JE SUIS PARIS
NON TANTO AOS ATENTADOS EN IEMEN
...GARDAMOS MINUTOS DE SILENCIO POR BRUXELAS
JE SUIS BRUXELLES
PERO NON POR IRAK, OU AFGANISTÁN
NON GARDEMOS SILENCIO NIN UN MINUTO MÁIS.
O MEDITERRÁNEO E OS CAMPOS DE REFUXIADOS NON DEBEN SER TUMBAS NIN CÁRCERES. NON DEIXEMOS QUE OS NOSOS GOBERNANTES LLES DEAN A ESPALDA AOS REFUXIADOS. NON DEAMOS A ESPALDA A DOR ALLEA, ACOLLAMOS

Josiño Souto Santé | Tiras publicadas en *El Entorno Metropolitano*, 2016

ÁLVARO VALIÑO

Colaborador habitual da revista satírica *Mongolia*, Álvaro Valiño (A Coruña, 1977) desenvolve a súa actividade profesional principal nos campos do deseño gráfico, a infografía e a ilustración, e o humor gráfico é unha das súas ferramentas expresivas favoritas. Ten colaborado en publicacións como *National Geographic Magazine, The Washington Post, The Guardian e Corriere della Sera*.

«Para min humor gráfico é achegar mensaxes, non sempre humorísticas, por camiños menos obvios, usando as metáforas visuais, os dobres sentidos e certo enxeño, e así xogar coa complicidade do lector ou mesmo menear un pouco a súa conciencia.»



Álvaro Valiño | «Cortina de humo tipográfica», ilustración relativa acordos entre España e Arabia Saudí; *Mongolia*, 2017



Álvaro Valiño | «TrumPutin», ilustración acerca do posible papel de Rusia na elección de Trump; *Mongolia*, 2017

Álvaro Valiño | «Pienso, luego como», publicada en *El libro rojo de Mongolia*, Random House, 2013



Álvaro Valiño | «Feliz Navidad», publicada na revista *Mongolia*, 2014

YUPIYEYO

María Álvarez Hortas (Lugo, 1982) cursou estudos de ilustración na Escola Pablo Picasso e foi unha das fundadoras do coletivo Miñoco. Utilizou o humor xa nas súas primeiras historias en formato de cómic, dentro do fanzine *Compota de Manatí*, e agora prepara un proxecto de humor en clave LGBT chamado *¿Hay alguien ahí?*, con historias inspiradas nas súas propias experiencias.

«A función do humor na sociedade é abordar todo tipo de temas, algunhas veces complexos ou delicados, dunha forma máis trivial, facéndoos accesibles a máis xente.»

IT'S A WONDERFUL NIGHT
FAT BOY SLIM
IT'S A WONDERFUL NIGHT
EVERYBODY CAN SEE
¡¡HOY LIGO!!
ROLLAS
PONME OTRO LK


¡¡IVÁN!!
¡¡GEMI!!
¡¡AYUDAAA!!
¡¿QUÉ PASÓ?!
ES QUE...
NO SE QUE FOTO PONERME EN EL BAPA
¿PERO NO DECÍAS QUE EL BAPA ERA UNA MIERDA?
ESO ERA AYER. HOY ESTOY SALIDA
ESTABA PENSANDO EN PONER ESTA FOTO
A VER
¡¡AAAHH!!
PUCHI, CON ESO NO VAS A LIGAR
NO HACE FALTA SER CRUEL
SÓLO AYUDADME
TE VOY A SACAR UNAS CUANTAS FOTOS
CLICK
CLICK
CLICK
CLICK
NO HAY SOLUCIÓN. PONTE UN PAISAJE
BUENO... LA FOTO DE ANTES NO ESTABA TAN MAL

Yupiyeyo | «Noqueado», páxina publicada en *Compota de Manatí* n.º 1, 2013

Yupiyeyo | *San Valetín*, publicada en redes sociais, 2014

ARQUIVOS DESCLASIFICADOS

Cartel | Exposición *Desde Coruña con humor*

Cartel | Xornadas *Humor gráfico con tetas*

Cartel | *Xornada de Humor inocente*

Directorio

Manel Cráneo
planetamincha.com
manelcraneo.blogspot.com
facebook.com/manelcraneo
manelcraneo@yahoo.es

Miguel Cuba
miguelcuba.es
facebook.com/henrydrawall
twitter.com/miguelcuba
instagram.com/miguelcuba
miguelcubataboada@gmail.com

Guitián
albertoguitian.com
facebook.com/guitian.dibuja
instagram.com/alberto_guitian
albertoguitian@gmail.com

Santy Gutiérrez
santygutierrez.com
facebook.com/SantyGutierrez.PaginaOficial
twitter.com/santygutierrez
santygutierrez@gmail.com

Jano
janoilustra.com
janoilustracion.blogspot.com.es
facebook.com/janoilustra
instagram.com/janoilustra
janocho@gmail.com

Antón Lezcano
facebook.com/antonlezcano
twitter.com/antonlezcano
nicetripgalicia@yahoo.es

Pepe Mansilla
pepemansilla.es
facebook.com/mansillaquetepilla
pepe.mansilla.barreiro@gmail.com

Roberto Martínez Soler
robsoler.tumblr.com
robemsoler.blogspot.com
facebook.com/roberto.martinezsoler
robmsoler@gmail.com

Pinto e Chinto
lavozdegalicia.es/firmas/pinto-chinto
davidpintor.com

Xulia Pisón
xuliape.tumblr.com
facebook.com/xulia.saltarcharcos
twitter.com/xulia26
xuliap@gmail.com

El Primo Ramón
elprimoramon.com
twitter.com/eprilustra
instagram.com/eprilustra
info@elprimoramon.com

Rodouyeha (Carlos Rodil)
www.rodouyeha.com
facebook.com/rodouyeha
instagram.com/rodouyeha
carlosrodil@rodouyeha.com

Martín Romero
martinromero.es
facebook.com/martinromeroillustration/
instagram.com/martin__rom
martin@martinromero.es

Calros Silvar
calrossilvar.com/
be.net/calrossilvar
facebook.com/calros.silvar
calrossilvar@yahoo.es

Siro
siroartista.es
sirolopezlorenzo@yahoo.es

Josiño Souto Santé
blogdejosinho.blogspot.com.es

Álvaro Valiño
alvarovalino.com
a-bunch-of-stuff.tumblr.com

Yupiyeyo
yupiyeyo.blogspot.com.es
yupiyeyo.tumblr.com
Facebook @yupiyeyo
Instagram @yupiyeyo
yupiyeyo@gmail.com



Dedicatorias

CORUÑA GRÁFICA

www.corunagrafica.com